

ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIÓNS PARA REHABILITAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Deber de edificar os soares ou rehabilitar.

Artigo 3. Prazos para edificar ou rehabilitar.

Artigo 4. Excepcións á obriga de edificar nos prazos establecidos.

Artigo 5. Consecuencias do incumprimento dos deberes de edificar ou rehabilitar.

Artigo 6. Ámbito territorial de aplicación.

TÍTULO II. REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICIOS PARA REHABILITAR

Capítulo I.- Disposicións xerais.

Artigo 7. Concepto

Artigo 8. Organización

Artigo 9. Inmobles incluídos.

Artigo 10. Inmobles excluídos.

Artigo 11. Clases e contido de cada asento.

Artigo 12. Carácter público

Capítulo II.- Órganos competentes.

Artigo 13. Atribucións da Alcaldía.

Artigo 14. Funcións do titular do órgano de apoio.

Artigo 15. Tramitación de expedientes

Capítulo III.- Procedemento para a inclusión dos soares e edificacións para rehabilitar no Rexistro de Soares.

Artigo 16. Iniciación do procedemento.

Artigo 17. Tramitación do expediente.

Artigo 18. Notificación.

Artigo 19. Efectos.

Capítulo VI.- Trala inclusión no rexistro de soares e edificacións para rehabilitar.

Artigo 20. Expedición de certificacións e notas informativas.

Artigo 21. Da comunicación ao Rexistro da propiedade.

Artigo 22. Consecuencias do incumprimento dos deberes de edificar ou rehabilitar.

TÍTULO III. CONSECUCIAS DA INCLUSIÓN DUNHA PROPIEDADE NO REXISTRO DE SOARES OU EDIFICACIÓNS PARA REHABILITAR.

Capítulo I.- Expropiacións.

Artigo 23. Expropiación polo incumprimento da obriga de edificar.

Artigo 24. Edificacións das parcelas expropiadas polo incumprimento da obriga de edificar.

Capítulo II.- Venda forzosa.

Artigo 25. Venda forzosa.

Artigo 26. Procedemento de licitación.

Artigo 27. Cesamento dos efectos.

Capítulo III.- Execución forzosa.

Artigo 28. Execución forzosa

Artigo 29. Procedemento.

Artigo 30. Cesamento de efectos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rexistro de soares ten como antecedentes a Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana de 12 de maio de 1956 nos seus artigos 142 a 151 sobre “fomento da edificación”. No esencial a citada lei fai súas as disposicións da de soares de 15 de maio de 1947.

Xa con anterioridade a “ordenanza municipal da cidade de Ferrol e o seu termo municipal” aprobados polo Excmo. Concello en sesións de 14 de decembro de 1911 e 14 de xuño de 1912. Fai mención na súa sección segunda da obrigatoriedade de conservación y limpeza dos edificios.

Fai a regulación do Rexistro de Soares baixo as seguintes premisas:

- Regulariza ó máximo a aplicación da política do solo dotando á mesma dun instrumento rápido e eficaz que impulse a construción dos soares, evitando así unha situación destes que é prexudicial ó interese público e nalgúns casos con finalidades altamente especulativas.
- A obriga de reconstruír as edificacións ruinosas, inhabitables, derruídas e inaxeitadas. Sen isto resulta imposible a renovación das cidades e un deterioro progresivo impide que se poida gozar dentro do casco dos beneficios que para as vivendas se deriva do aumento do nivel de vida.

A pesar da importancia atribuída ó Rexistro de Soares, como instrumento de mantemento, conservación e rehabilitación das cidades e o seu tecido de relación. A maioría destes aínda non formalizaron este histórico requirimento.

O texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana de 1976, no seu artigo 156 e seguintes voltaron a insistir na obriga de crear o Rexistro de Soares.

Foron moi poucos os Concellos que crearon, conforme ás leis procedentes, o dito rexistro, e case nulos os que o aplicaron efectivamente. A Lei 9/ 2002 de Lei do Solo de Galicia no seu artigo 177 dispón a vinculación entre a creación do Rexistro de Soares e Patrimonio Municipal do Solo e calquera operación de venta ou permuta que se queira realizar sobre o dito Patrimonio, e con iso obriga a calquera Concello que queira xestionar con eficacia a seu patrimonio á creación do Rexistro de Soares e do Patrimonio Municipal como instrumento necesario para calquera Concello, resulta imprescindible e inescusable na Cidade de Ferrol. Non pode esperar máis tempo por medidas que dado o grado de cantidade e calidade do seu Patrimonio edificatorio.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do contido, organización e funcionamento do libro de rexistro de soares e edificios para rehabilitar e as consecuencias derivadas do incumprimento do deber de conservación ou edificación, ao abeiro do establecido no título VI, capítulo I da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas reformas posteriores.

Artigo 2. Deber de edificar os soares ou rehabilitar.

O propietario de solares e de construcións en ruína, inadecuadas ou suxeitas ao deber de rehabilitar deberá iniciar as obras de edificación ou cesar no uso inadecuado dentro do prazo fixado no planeamento e, no seu defecto, no de dous anos contados desde que a parcela mereza a cualificación de solar, a declaración administrativa de ruína ou inadecuación, ou a notificación do requirimento de rehabilitación do edificio, segundo o establecido na lexislación urbanística.

O deber de edificar afecta igualmente aos propietarios dos predios nos que existan construcións paralizadas, ruinosas, derruídas ou inadecuadas ao lugar en que radiquen, e estes deberán emprender a edificación nos prazos sinalados.

En caso de que o planeamento prohiba a substitución total ou parcial das edificacións existentes ou imponha a conservación de determinados elementos ou a súa rehabilitación integral, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar, respectando, ao se materializaren os correspondentes aproveitamentos urbanísticos, os elementos dotados de protección.

Artigo 3. Prazos para edificar ou rehabilitar.

Os prazos aplicábeis para o cumprimento do deber de edificar ou rehabilitar serán os fixados polo planeamento xeral ou de desenvolvemento, en función da clasificación e cualificación do solo e das circunstancias específicas que concorran en determinadas áreas ou soares que serán apreciadas de forma motivada, e, de non os haber, o prazo será de dous anos.

Así mesmo, poderán reducirse os prazos nos supostos de ruína inminente, risco de deterioro acelerado da edificación ou en función da importancia do ben que se protexe, que se motivarán en cada caso.

A administración poderá conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, por pedimento dos interesados, por causas xustificadas e de forma motivada.

Artigo 4. Excepcións á obriga de edificar nos prazos establecidos.

As administracións públicas que posúan ou adquiran soares para ampliacións ou futuras necesidades xustificadas poderán retelos sen edificar por prazos superiores aos previstos nesta ordenanza, logo do acordo do Concello.

Artigo 5. Consecuencias do incumprimento dos deberes de edificar ou rehabilitar.

Se vence o prazo concedido para cumprir os deberes de edificar ou rehabilitar, incluídas

as súas eventuais prórrogas, o Alcalde ou concelleiro en quen delegue decretará a inscrición obrigatoria no rexistro de soares de conformidade co procedemento establecido na presente ordenanza.

Artigo 6. Ámbito territorial de aplicación.

O ámbito de aplicación desta ordenanza comprende a totalidade do termo municipal de Ferrol.

TÍTULO II. REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICIOS PARA REHABILITAR

Capítulo I.- Disposicións xerais.

Artigo 7. Concepto

O Rexistro municipal de soares e edificios para rehabilitar ten a consideración de rexistro administrativo, de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmóbeis, tanto soares como edificios, que se inclúan nel por resolución administrativa ditada polo órgano municipal competente.

O libro de rexistro é o soporte físico documental en que quedan inscritos todos os inmóbeis incluídos no Rexistro. As certificacións que dos seus datos se expidan terán o carácter de documento público para todos os efectos administrativos, con valor probatorio.

Créase coa finalidade de incluír os soares e as construcións en ruína, inadecuadas ou paralizadas, como medio de instrumentar a edificación ou rehabilitación forzosa nos casos de incumprimento dos deberes urbanísticos de edificación nos prazos estabelecidos.

Artigo 8. Organización

O Rexistro municipal de soares e edificios para rehabilitar organízase en dous libros en función dos ámbitos que abranguen:

1. Ámbitos especialmente protexidos:

- Plan Especial do Barrio da Magdalena,
- Plan Especial de Argüelles,
- Ordenanza 2 de Ferrol Vello,
- Ordenanza 8 de Esteiro Antigo;
- Ordenanza 15 dos Barrios Antigos da Graña e San Felipe,
- Catalogados polo PXOM.

2. Resto do ámbitos regulamentados polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ferrol.

Artigo 9. Inmóbeis incluídos.

Aos efectos da súa inclusión no Rexistro, entenderanse:

a) Por solares as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que, en todo caso, contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de

saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos, que deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas por este.

Os soares poderán estar:

- Non edificados: os que carezan total ou parcialmente de construcións permanentes, con arranxo ás normas vixentes e disposicións dos plans, e as parcelas sen urbanizar.
- Con edificacións abandonadas: as que estiveren mais de seis meses sen operarios traballando, ou declarada a caducidade da licenza no seu día concedida.
- Con edificacións paralizadas: as que teñan vixente acordo municipal de orde de paralización das obras por mor dun expediente de disciplina urbanística co transcurso de tres meses desde a resolución do expediente de reposición á legalidade sen cumprimentar o ordenado na que afectase a un porcentaxe da edificación superior ao 50 % do construído.

b) Por construcións en ruína, as así declaradas por Resolución do Concello.

c) Por construcións inadecuadas, as destinadas en máis da metade da súa superficie construída a un uso urbanístico incompatible co establecido no planeamento ou as que a súa altura sexa manifestamente inferior á determinada como mínima na Ordenanza correspondente do Plan Xeral.

d) Por edificacións suxeitas ao deber de rehabilitar pola normativa urbanística ou de conservación do patrimonio.

Artigo 10. Inmobles excluídos.

Aos efectos desta Ordenanza non estarán incluídas as construcións destinadas a uso ou servizo público ou, en xeral, a usos dotacionais, e os predios que, aínda tendo a consideración legal de solares, non poidan edificarse por estar prohibida ou limitada a súa construción.

Artigo 11. Clases e contido de cada asento.

O Rexistro expresará, respecto de cada edificio ou soar, as circunstancias recollidas no anexo I desta ordenanza.

Artigo 12. Carácter público

O Rexistro municipal de soares e edificios para rehabilitar ten a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condicións de pública consulta, ao dispor de calquera cidadán sen que para tal efecto resulte esixíbel acreditar a condición de interesado.

O dereito de acceso á información contida no Rexistro exercerase nos termos previstos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa que resulte de aplicación.

Capítulo II.- Órganos competentes.

Artigo 13. Atribucións da Alcaldía

Consonte o previsto na vixente normativa sobre réxime local, ao Alcalde ou concelleiro en quen delegase a competencia para ditar ordes de inclusión, correspóndelle o exercicio das seguintes atribucións relativas ao Rexistro municipal de soares e edificios para rehabilitar:

- Incoar o procedemento de inclusión no Rexistro.
- Ditar ordes de inclusión no Rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar.
- Ditar ordes de cancelación no Rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar.
- O visto e prace das dilixencias de apertura e peche de cada tomo.
- O visto e prace de cada unha das follas do libro de rexistro, unha vez sexan transcritos mecanicamente os datos correspondentes a cada predio obxecto de inscrición.
- O visto e prace de cada unha das follas do libro rexistro unha vez sexan transcritos mecanicamente os datos correspondentes a cada predio obxecto de cancelación.
- O visto e prace das certificacións que soliciten os interesados ou se expidan de oficio para a súa remisión ao Rexistro da propiedade.
- As demais que lle atribúan as leis, consonte o disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Artigo 14. Funcións do titular do órgano de apoio.

Ao abeiro do previsto na vixente normativa sobre réxime local, ao titular do órgano de apoio, ou funcionario en quen se delegase para dar fe nas resolucións de inclusión, correspóndenlle as seguintes funcións relativas ao libro do Rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar:

- Levar e custodiar o libro de rexistro.
- Autorizar coa súa sinatura as dilixencias de apertura e peche de cada tomo.
- Autorizar coa súa sinatura cada unha das follas do libro de rexistro unha vez transcritos mecanicamente os datos correspondentes a cada predio obxecto de inscrición ou de cancelación.
- Expedir certificacións do contido do libro de rexistro solicitadas polos interesados nos termos indicados na normativa vixente.
- Expedir de oficio certificacións das ordes de inclusión e do contido do libro de rexistro para a súa remisión ao Rexistro da propiedade.

Artigo 15. Tramitación de expedientes

Corresponde á área que teña competencias en materia de urbanismo a tramitación dos expedientes de inscrición no Rexistro de soares.

Capítulo III.- Procedemento para a inclusión dos soares e edificacións para rehabilitar no Rexistro de Soares.

Artigo 16. Iniciación do procedemento.

O expediente declarativo da obriga de edificar, rehabilitar a edificación ou repor ao seu uso axeitado iniciárase de oficio ou a instancia de parte, e implicará a inclusión do inmovible no “Rexistro de Soares e edificacións para rehabilitar”, cos efectos previstos na lexislación

urbanística.

Artigo 17. Tramitación do expediente.

A tramitación do expediente corresponderá ao Departamento de Urbanismo de acordo coas disposicións seguintes:

a) A incoación notificarase ao propietario do predio, aos arrendatarios, inquilinos ou ocupantes da mesma, en canto foren coñecidos, e, ademais, aos titulares de dereitos reais e situacións xurídicas inscritas ou anotadas no Rexistro da Propiedade.

b) Dentro dos quince días seguintes á notificación individual poderán alegar os interesados o que tiveren por conveniente e achegar ou propor as probas oportunas.

c) Transcorrido o prazo de reclamacións e practicadas as probas que foren declaradas pertinentes, o Alcalde, previos os informes oportunos, resolverá o que proceda no referente á declaración do incumprimento. O prazo para resolver e notificar será de seis meses. Cando o procedemento sexa iniciado de oficio, o silencio determinará a caducidade do procedemento.

Cando o procedemento sexa iniciado a instancia de persoa interesada, transcorrido o prazo para resolver e notificar poderase entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 18. Notificación.

O acordo será notificado na forma establecida na lexislación de réxime xurídico de Administracións públicas e procedemento administrativo común.

Artigo 19. Efectos.

1. A declaración do incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar implicará a inclusión dun inmovible no Rexistro de solares e edificios para rehabilitar, e inscribírase no Rexistro da Propiedade conforme á normativa sobre inscrición de actos de natureza urbanística.

De non haberse incoado de oficio o procedemento de inclusión, a nota poderá practicarse a instancia do solicitante.

2. O acordo municipal declarativo de incumprimento da obriga de edificar con inclusión da predio no Rexistro de solares e edificios para rehabilitar determinará o inicio do cómputo do prazo establecido na lexislación urbanística para proceder á edificación forzosa do solar ou á rehabilitación forzosa do inmovible.

Capítulo VI.- Trala inclusión no rexistro de soares e edificacións para rehabilitar.

Artigo 20. Expedición de certificacións e notas informativas.

As certificacións do libro de rexistro que se emitan serán transcripción íntegra e literal dos asentos correspondentes a cada soar ou edificio incluído no libro do Rexistro municipal de soares e edificios para rehabilitar que os interesados sinalen ou, se é o caso, certificacións que acrediten a inexistencia de asento ningún sobre o soar ou edificio.

As certificacións expediranse por solicitude do interesado, formulada por escrito, indicando o predio ou predios concretos a que se refiren, facendo constar a súa rúa e

número. A súa expedición producirase, logo do pagamento da taxa correspondente, consonte o disposto na respectiva ordenanza fiscal, coas formalidades previstas na vixente normativa sobre réxime local.

As certificacións serán expedidas polo secretario ou funcionario no que delegue co visto e prace do Alcalde ou concelleiro en quen estea delegada a competencia para ditar ordes de inclusión.

Por solicitude do interesado poderán tamén expedirse notas informativas, igualmente logo do pagamento da taxa correspondente, consonte o disposto na respectiva ordenanza fiscal. Non obstante, na súa confección, non deberán observarse as formalidades previstas para as certificacións na vixente normativa sobre réxime local, senón que será suficiente a sinatura do funcionario encargado da súa expedición.

O seu contido será unicamente informativo e carecerán, en todo caso, de carácter vinculante para a Administración e de valor probatorio.

Artigo 21. Da comunicación ao Rexistro da propiedade.

Consonte o disposto no artigo 96 da Lei 6/1994, do 15 de novembro, e no Real decreto 1.093/1997, do 4 de xullo, a orde de inclusión de inmóbeis no Rexistro municipal de soares e edificios para rehabilitar notificarase ao Rexistro da propiedade, coa finalidade de estender a publicidade rexistral á situación urbanística do predio.

Para este efecto, remitirase ao Rexistro da propiedade unha certificación que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene a inclusión do predio no Rexistro municipal de soares e edificios para rehabilitar, unha vez sexa firme en vía administrativa, facendo constar que se practicaron as notificacións aos titulares rexistrais así como os datos de inscrición no Rexistro administrativo.

Artigo 22. Consecuencias do incumprimento dos deberes de edificar ou rehabilitar.

Transcorridos dous anos desde a inscrición no Rexistro de soares sen que se lle dese cumprimento ao deber de edificar ou, se é o caso, de rehabilitar, a Administración decretará a edificación forzosa do soar ou, se é o caso, a rehabilitación forzosa do inmóbel, ben de maneira directa ou a través dun particular, denominado axente edificador.

TITULO III. CONSECUENCIAS DA INCLUSIÓN DUNHA PROPIEDAD NO REXISTRO DE SOARES OU EDIFICACIÓNS PARA REHABILITAR.

Capítulo I.- Expropiacións.

Artigo 23. Expropiación polo incumprimento da obriga de edificar.

A expropiación por incumprimento da función social da propiedade poderase aplicar por inobservancia dos prazos establecidos para a edificación dos terreos ou, en xeral, dos deberes básicos contidos na lexislación urbanística.

Constatado o incumprimento do prazo, o Concello porao en coñecemento do propietario, requiríndolle para cantas obrigas lle sexan esixibles. de transcorreren seis meses dende dito requirimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente expropiatorio.

Para a determinación do valor de expropiación, teranse en conta as normas de valoración previstas no Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, do solo e demais normativa que as desenvolvan ou substitúan.

Artigo 24. Edificacións das parcelas expropiadas polo incumprimento da obriga de edificar.

Os inmobles expropiados formarán parte do Patrimonio Municipal do Solo e deberán ser destinados ás finalidades previstas na lexislación vixente. En todo caso, no prazo de seis meses dende a expropiación de parcelas por incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar, o Concello resolverá sobre o modo de levar a cabo a edificación ou rehabilitación. Poderá ser beneficiaria da expropiación outra Administración Pública que asumirá a obriga de edificación ou rehabilitación ou un particular con capacidade suficiente para asumir as responsabilidades nos termos previstos no artigo 192 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

O incumprimento por parte do Concello do prazo de dezaioito meses para comezar a edificación e a rehabilitación habilitará ao antigo propietario a solicitar a reversión.

Capítulo II.- Venda forzosa.

Artigo 25. Venda forzosa.

O Concello realizará a venda forzosa dos inmobles no Rexistro, conforme ao sinalado no acordo de inclusión e na forma establecida nos artigos seguintes.

O prezo obtido como resultado da aplicación do tipo de licitación entregarase ao propietario previa liquidación e dedución de cantas cargas tivera o mesmo co Concello.

Artigo 26. Procedemento de licitación.

Constatado o incumprimento do prazo, o Concello porao en coñecemento do propietario, requiríndolle para cantas obrigas sexan esixibles. De transcorren seis meses dende dito requirimento sen que o propietario iniciara o proceso de cumprimento das obrigas, o Concello incoará expediente para a venda forzosa.

O Concello venderá forzosamente os inmobles incluídos no Rexistro a través do procedemento no que se garanta a concorrencia e a publicidade.

Naquel caso en que o procedemento quedara deserto, convocarase novo procedemento no que se pode proceder a unha nova valoración. Así mesmo, no prazo de seis meses dende a declaración de deserto, poderá acordar a adquisición do inmovible para integralo no Patrimonio Municipal do Solo polo tipo de licitación do último concurso.

Naquel caso no que se opte pola xestión por medio dunha persoa física ou xurídica colaboradora, deberá convocarse procedemento no que se garanta en todo caso a publicidade e a concorrencia. A Administración valorará as distintas propostas tendo presente entre outros factores o prezo e o réxime das vivendas resultantes.

Artigo 27. Cesamento dos efectos.

Transcorrido o prazo de dezoito meses dende a incoación do expediente para a venda forzosa sen que sexa adxudicada ou acordada a súa adquisición directa, a inclusión do inmovible no Rexistro de Soares quedará sen efectos. Tal circunstancia comunicárase ao Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.

Capítulo III.- Edificación forzosa.

Artigo 28. Edificación forzosa.

Unha vez constatado o incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar en prazo, o Concello poderá acordar a substitución forzosa. A mesma terá por obxecto a facultade de edificación para impoñer o seu exercicio en réxime de propiedade horizontal co propietario actual do solo.

Artigo 29. Procedemento.

Unha vez acordado o incumprimento dos deberes establecidos na presente ordenanza e a aplicación do réxime da substitución forzosa, tramitarase o correspondente expediente no que se garantan os principios de publicidade e concorrencia. Acto seguido, o Concello remitirá ó Rexistro da Propiedade certificación do acordo para a súa constancia por nota á marxe da última inscrición de dominio.

Artigo 30. Cesamento de efectos.

Transcorrido o prazo de dezoito meses dende o acordo de aplicación do réxime da substitución forzosa, sen que sexa adxudicado o procedemento de edificación, a inclusión o inmovible no Rexistro de Soares quedará sen efectos. Tal circunstancia comunicárase ao Rexistro da Propiedade aos efectos en termos establecidos na normativa estatal sobre inscrición de actos de natureza urbanística.

Artigo 31. Normativa aplicable.

No non previsto neste ordenanza, estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido de a lei do solo estatal, no Decreto 635/1964, do 5 de marzo, aprobatorio do Regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares, e demais normativa aplicábel, así como no disposto na Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas reformas posteriores introducidas. Tamén se aplicará a lexislación reguladora do réxime local e os regulamentos que a desenvolven, os preceptos que regulan a contratación das corporacións locais, así como a Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99.

DISPOSICIÓN FINAL: O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Publíquese o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña informando que contra o presente acordo unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende a data da súa publicación.